



AUTORIZACIÓNS PARA O ALUMNADO DURANTE O CURSO 21-22

Nome do alumno/a Curso e Grupo.....

DNI

Nome do pai/nai/titor legal.....

DNI

AUTORIZO o tratamento da imaxe do alumno/a antes citado en relación coas actividades escolares e extraescolares promovidas polo centro e polos responsables e autoridades educativas na páxina web, blogs, do centro ou institucional, na revista escolar e en medios de comunicación durante o curso escolar. Así mesmo, autorizo o tratamento da imaxe en contornas, aplicacións ou ferramentas virtuais prestadoras de servizos en nube, redes sociais, ou servizos de mensaxería, autorizo as clases telemáticas a cámara aberta, e autorizo a posible transferencia internacional de datos, derivada do seu uso, aos países nos que se atopen os seus servidores. Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogación deste consentimento en calquera momento.

AUTORIZO que a miña filla/ o meu fillo se registre en aplicacións informáticas gratuítas e con finalidade educativa. O alumnado será informado previamente das recomendacións de uso en internet e da responsabilidade persoal en caso de non respectar esas recomendacións.

AUTORIZO que o/a meu fillo/a asista a todas as actividades e saídas que o centro organice en horario escolar fóra das súas instalacións. Deberá avisar ao centro se o/a alumno/a excepcionalmente non pode asistir a algunha actividade.

AUTORIZO que o meu fillo/a poida saír só/soa do centro ao rematar as clases, e no caso de ser usuario de transporte escolar baixar só/soa nas paradas, eximindo á Consellería e ao persoal do centro de calquera responsabilidade por danos ou lesións que poidan sufrir o escolar*.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES A SARDIÑEIRA

Av. da Sardiñeira, 41 - 15008 A Coruña
Correo-e: ies.sardineira@edu.xunta.es
Tif. 881 960 150 Fax 881 960 161



AUTORIZO que o meu fillo/a sexa gravado/a durante as sesión telemáticas, unicamente polo profesorado e unicamente con fins educativos (exames ou clases), en caso necesario. O profesorado informará ao alumno/a antes de iniciar a gravación.

**Calquera outra circunstancias achegarse por escrito na secretaría do centro á atención da dirección. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de C. E. e O. U., como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de C. E. e O. U., edificio administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educación@xunta.es.*